AS CANTIGAS DE AMOR

1. DEFINICIÓN
   A cantiga de amor é un poema no que un home se dirixe a unha dona, mostrando o seu amor por ela. Unha amada inalcanzable, á que se rende vasalaxe como se fose un señor feudal. En contra do que sucedía nas cantigas de amigo, o suxeito lírico é masculino. Estamos ante un xénero prestixioso. Constitúen a maior parte das 1679 cantigas profanas que conservamos e dedícaselle en exclusiva o Cancioneiro de Ajuda .

2. ORIXES
   A) TRADICIÓN CLÁSICA : o mundo antigo infúe no pensamento do home da IM de aí que vexamos nas composicións a erótica latina, o amor platónico e as consecuencias tormentosas do desamor.
   B) TRADICIÓN MEDIEVAL : a influencia do idealismo cristiá fai que teñamos un culto á muller como un ser divino. E seguindo esta liña temos tamén a influencia da sociedade feudal.
   C) TRADICIÓN PROVENZAL : ademais dos numerosos provenzalismos temos a introdución da teoría do amor cortés.
   D) TRADICIÓN POPULAR :ve unha influencia na celebración das maias, xa que a invocación da primavera favorece o amor libre e o pracer.

3. O AMOR CORTÉS
   Este ideal baséase na concepción do amor como servizo . O home, como namorado, estaba sometido á súa namorada igual ca un vasalo ao seu señor. A amada é representación de todas as virtudes e bens. Hai que exaltar a muller como suma de calidades positivas. O poeta aspira a través dun camiño de aprendizaxe amorosa ao grao máis alto de felicidade . Aínda que non sempre é así.
   - O amor cortés configúrase como unha arte con graos diferentes que o amante vai superando na escada amorosa:
   - FENHEDOR : limítase a suspirar pola amada, sen dirixirse a ela.
   - PRECADOR : diríxese a ela rogándolle o seu amor.
   - ENTENDEDOR : a dama corresponde o seu amor.
   - DRUDO : prodúcese contacto físico.

   A característica fundamental do amante é a mesura e a vontade de servir polo pracer de facelo, para realizarse a un mesmo mediante o amor , orixe da perfección.

4. DIFERENZAS CANÇO-CANTIGA AMOR
   - A muller da lírica provenzal a quen se dirixen as composicións é real e casada. Na nosa o poeta diríxese a unha dona idealizada , solteira ou casada.
   - Na cantiga de amor, o gozo de amar e a sensualidade son substituídos por un amor platónico dominado pola coita de amor. O namorado nunca é correspondido e na cançó si; non, pois, hai contacto físico nin adulterio.
   - Ausencia de descrición física da dama, é algo intocable e etéreo. Só se describe moralmente.
   - Ausencia de locus amoenus e exordium primaveral.
   - Os nosos poetas case nunca superan a fase de fenhedor , como moito chegan a precadores .
   - Maior sinxeleza formal: na cançó composicións de mestría, con 5 ou 7 cobras unisonants ou dobras, rima consonante e 800 esquemas estróficos diferentes. Na cantiga de amor cantigas de mestría ou refrán, de 4 ou 5 cobras con rima asonante e só 200 esquemas estróficos diferentes

5. CONTIDO:
   A VOZ Na cantiga de amor a voz presente é a masculina : é o home quen expón a súa coita amorosa a unha muller. A palabra senhor , que fai referencia á amada, adoita aparecer nos primeiros versos destas cantigas, converténdose na marca de xénero. Grave día naceu, senhor Quen de vós ouv ´a partir […] Pero García de Ambroa

OS PERSONAXES

- A senhor : descrita de xeito vago e impreciso. Só sabemos que é moi bela, case perfecta (bon semelhar, ben talhada). Da súa psicoloxía tampouco temos adxectivos nin positivos nin negativos (bon sen, bondade).
- O namorado : desempeña o papel de vasalo (seer vosso) e preséntase á dama como un ser fiel e honesto para gañar o seu favor. Expresa repetidamente o seu amor pola senhor aínda que ás veces o oculta por medo á saña. Pode chegar á morte por amor, ao non lle conceder galardón (recompensa)
- Os miscradores : eran os competidores do poeta polo amor da dama. Cualificados de mentireiros porque así o autor atraía a atención da amada sobre el.

CAMPOS SÉMICOS

- A LOANZA DA DAMA: aparece polo xeral na primeira parte da cantiga. Pode referirse á beleza física ou moral:

CARACTERÍSTICAS

EXEMPLO Eloxio da beleza física Normalmente caracterización abstracta: mia senhor do bon parecer e do cos ben talhado. Eloxio da beleza moral Faise énfase en calidades coma a bondade (boa, valor, prez…) e a intelixencia (sabedora, mesurada, mansa, ben falar …) Sempre mui mansa e de mui boa razón mellor falar de quantas outras son , dizede.-mi, das boas a mellor.

- O AMOR DO POETA: transmítese a través de breves enunciados ao longo das composicións: amar muito, querer ben, amor… Case sempre son fórmulas estereotipadas.
- A RESERVA DA DAMA: diferentes realizacións:
- * O segredo, a prudencia e a discreción preside a relación de amor: mesura, razón, non dicir…
- * A prohibición de vela ou falarlle imposta pola dama ao poeta: alongar, alongado, mandar ir, fazer partir…
- * O rexeitamento, a despreocupación pola sorte do namorado, a indiferenza…: ser sañuda, desamar, desamparar, non nembrar, fazer mal…
- A COITA DE AMOR : preséntanse diferentes graos de sufrimento por amor: o pranto, a loucura ou a morte por amor. Algúns elementos léxicos comúns son: coita, doo, penar, sofrer, lazerar, chorar, sandecer (tolear), perder o sen, morrer…

6. CLASIFICACIÓN FORMAL

ATENDENDO Á PRESENZA DE REFRÁN:

CANTIGA DE REFRÁN Composicións que levan un ou varios versos que se repiten ao final de cada estrofa. Son as máis parecidas ás cantigas de amigo.

CANTIGA DE MESTRÍA Non ten refrán e componse de tres ou catro cobras de sete versos heptasílabos, octosílabos ou decasílabos. Estas son máis parecidas ás composicións provenzais.

7. RECURSOS

DOBRE Repetición dunha palabra ou grupo de palabras en posicións simétricas dunha estrofa. Est´a dona que quero ben e con pavor de vos pesar non lhis ouso dixer per ren senhor, que vos eu quero ben […]

MORDOBRE Repetición, en posicións simétricas, dun mesmo lexema, con variación nos afixos ou nos morfemas. Mais sol non poss´eu enganar Meu coraçon, que me enganou, Por quanto me fez desejar A quen me nunca desejou : […]

FINDA Versos ao remate da composición como unha conclusión. Mantén a rima do refrán ou nas de mestría a da última cobra.

ATA-FINDA: consiste en levar o pensamento, ininterruptamente, ata o final da cantiga, usando o proceso de encabalgamento na articulación das estrofas.